

Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Vicepresidente 1º)
- Dª Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Tesoureiro)
- D. Óscar Bruno De Prado Rodríguez (Vogal)
- D. Jose María Dorado Reboredo (Vogal)
- D. Francisco Javier García Veiras (Vogal)
- D. Walter López Rodríguez (Vogal)
- Dª. Juana María Martínez Fernández (Vogal)
- D. Miguel Ángel Reboredo Otero (Vogal)
- D. Jesus Rodriguez Perez (Vogal).

En Padrón, ás 17:00 horas do 20 de Xaneiro de 2023, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Presentación e informe do Sr. Presidente.
2. Aceptación de cargos.
3. Organización da Xunta Directiva.
4. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2023. Aprobación, se procede.
5. Orzamento 2023. Aprobación, se procede.
6. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Presentación e informe do Sr. Presidente.

D. Gaspar Pérez Carnero, Presidente electo do proceso electoral celebrado no 2022, da a benvinda aos asistentes e realiza un breve informe de cómo serán estes vindeiros 4 anos.

2. Aceptación de cargos.

Todos os membros da xunta directiva formalizaron a aceptación do seu cargo.

3. Organización da xunta directiva.

Nesta lexislación o Sr. Presidente quere dar máis responsabilidade aos membros da Xunta Directiva otorgándolles temas organizativos sempre coordinado cá secretaria da Federación, Dª. Raquel Calleja Modia.

A organización quedaría desta maneira:

- **Circuíto de Promoción, Xogade e Promoción do xadrez nos centros escolares a través da SXD:** D. Ángel Fco, Vilas Fernández e D. Miguel Ángel Reboredo Otero.
- **Circuíto Internacional:** D. Óscar Bruno de Prado Rodríguez e Dª. Juana María Martínez Fernández.
- **Promoción do Deporte Femenino:** Dª. Yudania Hernández Estévez.
- **Liga Galega de Xadrez:** D. Jose María Dorado Reboredo e D. Francisco Javier García Veiras.
- **Retransmisión:** D. Walter López Rodríguez e D. Jesús Rodríguez Pérez.
- **Arbitraxes:** D. Francisco Javier Ogando.

4. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2023. Aprobación, se procede.

Preséntase aos asistentes o Proxecto e Calendario Deportivo 2023.

- **Campionatos Provinciais 2023:**

Estúdiáanse as propostas de colaboración recibidas, xa que a organización é da Fegaxa.

- Lugo: a Escola Luguesa de Xadrez para realizar todas as categorías.
- Ourense: o Clube Deportivo Xadrez Ourense para realizar as categorías Sub-08 a Sub-18 e a Absoluta se se pode organizar con ritmo rápido ao igual que o ano pasado.
- Pontevedra: o Club Xadrez Fontecarmoa para organizar todas as categorías.
- A Coruña: colaboración de:
 - Xadrez das Mariñas para realizar todas as categorías.
 - Escola de Xadrez Compostela tamén para realizar todas as categorías.



Tras o estudo, propónse dividir a organización, é dicir, que Xadrez das Mariñas organice as categorías Sub-08, Sub-10, Sub-12 e Sub-14; e a Escola Xadrez Compostela as categorías Sub-16, Sub-18 e Absoluta.

Queda pendente pórse en contacto cá Escola xadrez Compostela para saber se está pola colaboración nesas categorías.

Tamén habería que ver que se actualicen os ritmos de xogo atendendo ao estipulado no Regulamento Xeral de Competicións, xa que hoxe en día xa non hai que tomar medidas excepcionales sanitarias.

- **Campionatos Galegos 2023:**

Debido ao proceso electoral e ao retraso que implicou na organización das competicións, e tras porpoñer e tralo rechazo da Sociedad Deportiva Club Marcote (a través de D^a. Juana M^a. Martínez Fernández) a organización dos Campionatos do Entroido na súa sede debido á falta de local de xogo, propónse organizar tanto os Campionatos Galegos de Entroido coma os de Semana Santa no Hotel Scala. A día de hoxe habería que modificar as datas de celebración da categoría Sub-16 xa que podería haber problemas de aloxamento e salas de xogo.

Tamén estúdiáanse as cotas de inscricións aos Campionatos Galegos 2023:

Campionato	Cota por xogador 2023
Campionato Galego Sub-8	10 €
Campionato Galego Sub-10	15 €
Campionato Galego Sub-12	15 €
Campionato Galego Sub-14	15 €
Campionato Galego Sub-16	15 €
Campionato Galego Sub-18	15 €
Campionatos Galegos Absolutos	15 €
Campionatos Galegos Rápido/Relámpago	10 €/campionato

- **Liga Galega por Equipos de Club:**

Preséntanse os prazos para a afiliación 2023:

- o Envío documentación afiliación: Martes, 24/01/2023
- o Notificación Altas/Baixas equipos: ata o Domingo, 05/02/2023 (incluído)
- o Modificación Ordes de forza: ata o domingo, 12/02/2023 (incluído).
- o Publicación grupos provisionales: Luns, 13/02/2023 (pode que se adiante a data)
- o Sorteio equipos e grupos definitivos: Luns, 20/02/2023 (pode que se adiante a data).
- o Calendarios Liga: Mércores, 22/02/2023 (pode que se adiante a data)
- o Comezo da Liga Galega 2023: Sábado, 25/02/2023 ás 17:00 horas.

- **Copa Galicia 2023:** quedaría para o 27 e 28 de Maio de 2023. D. Óscar de Prado e D^a. Juana Martínez propoñen equilibrar os honorarios do árbitro auxiliar, xa que, actualmente o principal cobra 280 € e o adxunto 120 €. Podería aumentarse ata 200 €.

Mantense as cotas de inscrición á Copa Galicia 2023:

Equipos	Cota por equipo 2023
Copa Galicia Cadete	20 €
Copa Galicia Absoluta	20 €

- **Campionatos Galegos de Lóstrego e Rápidas 2023:** para o 03 e 04 de Xuño de 2023.
- **XXXIV Circuito Internacional Galego de Xadrez 2023:** realizarase unha reunión cós organizadores e buscar unha forma de aumentar os premios do Circuito para fomentar a participación o que sería un beneficio conxunto para todos os organizadores.
- **XVI Circuito Galego de Promoción 2023:** comezar no mes de Maio (os días festivos) e ata a clausura no mes de Novembro.

Apróbase por unanimidade o proxecto e calendario deportivo da Tempada 2023. Levaríase á Comisión Delegada as modificacións realizadas para a súa aprobación.

5. **Orzamento 2023. Aprobación, se procede.**

O Sr. Presidente presenta o orzamento para o 2023.

Aumenta o gasto no Campionato de España de Seleccións do CSD 2023 xa que terá lugar en Albacete.

Non habendo preguntas, pásase á votación e apróbase por unanimidade.



6. Outros asuntos e propostas.

D. Jose María Dorado Reboredo expón a actualización e modificación de varios artigos do Regulamento Xeral de Competicións.

Un é o artigo 6.5 onde expón: "A Fegaxa deberá contratar un seguro obligatorio, según o artigo 59.2 da Lei do Deporte 10/1990 de 15 de outubro e según o Real Decreto 849/93, do 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obligatorio deportivo."

E debería pór: "A Fegaxa poderá contratar un seguro obligatorio, según o artigo **23.2e da Lei do Deporte 39/2022, do 20 de decembro** e según o Real Decreto 849/93, do 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obligatorio deportivo."

E o outro artigo do Regulamento a modificar é o 3.4 do Título VIII da Liga Galega por equipos de Club, onde expón: "Non se permitirá o cambio de xogadores entre Clubs unha vez finalizado o período de afiliación que establecerá a FEGAXA a través de circular. Un xogador/a non poderá participar na liga galega con outro club, aínda que non xogase. O Club que ten a baixa federativa dun xogador/a poderá alinear nese equipo a outro/a para suplir a baixa, sempre e cando non modifique a orde de forza inicial e se realice dentro dos prazos regulamentarios. **Todo xogador/a que dispute un encontro da liga galega non poderá obter a baixa federativa ata a conclusión da mesma.**"

Propón a seguinte modificación: "Non se permitirá o cambio de xogadores entre Clubs unha vez finalizado o período de afiliación que establecerá a FEGAXA a través de circular. Un xogador/a non poderá participar na liga galega con outro club, aínda que non xogase. O Club que ten a baixa federativa dun xogador/a poderá alinear nese equipo a outro/a para suplir a baixa, sempre e cando non modifique a orde de forza inicial e se realice dentro dos prazos regulamentarios. **Todo xogador/a que dispute un encontro da liga galega non poderá obter a baixa federativa ata a conclusión do ano natural, é dicir, ata o 31 de decembro.**"

Debátese a última proposta porque o Regulamento da FEDA sí permite que un xogador poida participar en dúas federacións autonómicas ao longo da tempada non permitíndolle participar no Campionato de España; polo que a Fegaxa non pode prohibir a un xogador solicitar a baixa e federarse por outra Comunidade Autónoma. O que sí pode facerse é limitar a participación de xogadores que veñan doutras Comunidades Autónomas nas competicións oficiais pertencentes ao Calendario Deportivo.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 17:57 horas.

Vº e prace:

D^a Raquel Calleja Modia
Secretaría FEGAXA

D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA



Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Camero (Presidente).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Vicepresidente 1º)
- Dª Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Tesoureiro)
- D. Jose María Dorado Reboredo (Vogal)
- D. Walter López Rodríguez (Vogal)
- D. Francisco J. Ogando González (Vogal)
- D. Miguel Ángel Reboredo Otero (Vogal)
- D. Jesus Rodriguez Perez (Vogal).

En Padrón, ás 17:00 horas do 18 de Maio de 2023, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Comisións, comités: designacións.
2. Comités de árbitros e adestradores.
3. Otorgamento de poderes a abogados e procurador.
4. Peche de contas e auditoría 2022.
5. Estudio das cotas de licenzas 2024.
6. Estudio das competicións 2023. Modificacións de regulamentos.
7. Propostas para á Asemblea Xeral Ordinaria 2023.
8. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Comisións, comités: designacións.

O Presidente da Federación Galega de Xadrez D. Gaspar Pérez Carnero presenta aos asistentes as designacións das comisións e dos comités da Federación:

COMITÉ DE COMPETICIÓN:

Cargo	Nome
XUÍZ ÚNICO	D. JESÚS ÁNGEL VÁZQUEZ FORNO

COMITÉ DE APELACIÓN:

Cargo	Nome
PRESIDENTE	D. ANTONIO NIETO VELADO
VOGAL	D. ANXO BOAN RODRIGUEZ
VOGAL	D. FRANCISCO JAVIER OGANDO GONZALEZ

COMITÉ DE ÁRBITROS:

Cargo	Nome
PRESIDENTE	D. FRANCISCO JAVIER OGANDO GONZALEZ
VOGAL	Dª. JUANA Mª MARTÍNEZ FERNÁNDEZ
VOGAL	D. EVARISTO RODRÍGUEZ LÓPEZ

COMITÉ DE ADESTRADORES:

Cargo	Nome
PRESIDENTE	D. JACOBO CASELAS CABANAS
VOGAL	Dª. YUDANIA HERNÁNDEZ ESTÉVEZ
VOGAL	D. DIEGO ADRIÁN ESPIÑEIRA GONZÁLEZ

2. Comités de árbitros e adestradores.

D. Francisco J. Ogando González, Presidente do Comité de Árbitros, tralo estudio realizado por dito Comité dos honorarios que perciben actualmente; solicita unha actualización dos mesmos. Tras debatir os honorarios presentados, estipúlase unha subida do 25% a aplicar na tempada 2024:



Campionato	Árbitro principal		Árbitro Adxunto	
	€ por día de xogo	€ por rolda	€ por día de xogo	€ por rolda
Individual Sub-08	50,00 €	10,00 €	35,00 €	10,00 €
Individuais Sub-10 a Sub-18	50,00 €	20,00 €	37,00 €	10,00 €
Individual Absoluto/Feminino/Veterán	60,00 €	20,00 €	40,00 €	20,00 €
Individuais Xadrez Lóstrego	100,00 €	-	70,00 €	-
Individuais Xadrez Rápido	150,00 €	-	100,00 €	-
Copa Galicia de Clubs	150,00 €	-	100,00 €	-
Axuda torneo Circuito Internacional	55,00 €	20,00 €	-	-

A axuda aos torneos pertencentes ao Circuito Internacional, reducirase un 30% se o árbitro principal non ten licenza tramitada a través desta Federación, e que non tramitara a licenza a través doutra Federación Autónoma durante a mesma tempada.

No tema da docencia, os honorarios para levar a cabo os cursos de Árbitro serían:

Actividade	Coste
Redacción Examen Árbitro	225,00 €
Corrección Exámenes	475,00 €
Clases online por videoconferencia	300,00 €
Reglamentación en Curso online y tutorización da mesma, con seguimento de actividades nos foros do curso	300,00 €
Curso Programa VEGA	120,00 €

E 250,00 € pola creación, configuración e sopsorte do Aula Virtual en Moodle.

O número de personas inscritas aos cursos sería un mínimo de 20 personas e un máximo de 30.

Para a homologación de titulacións acadadas noutras Federacións Autónomas, haberá que superar o exame de Árbitro Autónomo desta Federación.

Tamén solicítase que o aloxamento dos árbitros nas competicións oficiais sexa en habitacións individuais.

En canto aos honorarios dos adestradores, tamén terían unha subida do 25% para o 2024.

Apróbase por unanimidade.

3. Otorgamento de poderes a abogados e procurador.

Debido a que D. Arian González Pérez recurriu ao contencioso administrativo á resolución do CGXD sobre a aprobación do Regulamento Electoral desta Federación, solicítase á xunta directiva a autorización de realizar un poder Xeral e especial para pleitos a favor de:

- D. Jesús Ángel Vázquez Forbo – Avogado
- D. Jose Manuel Vázquez Forno – Procurador
- D. Luis Fernando Pozas Osset – Procurador de Madrid

Apróbase por unanimidade.

4. Peche de contas e auditoría 2022.

O pasado 23 de Marzo de 2023 publicouse no DOG a ORDE do 15 de marzo de 2023 pola que se determinan as federacións deportivas que teñen que presentar informe de auditoría das contas anuais de 2022 e auditorías operativas.

Nesa orde inclúese á Federación Galega de Xadrez entre as que deben presentar informe de auditoría das contas anuais de 2022.

A empresa que levará dita auditoría será AUREN.

En canto as contas do 2022, preséntase o Balance de Situación (**Anexo I**) e a contas de perdas e ganancias (**Anexo II**).

5. Estudio das cotas de licenzas 2024.

As propostas que se presentan para o 2024 son:



Inscripción de Club (Exentos clubs nova creación)		85,00 €	x	1	club
Inscripción de Equipos	División de Honra	135,00 €	x		equipo
	Primeira División	105,00 €	x		equipos
	Segunda División	75,00 €	x		equipos
	Terceira División	25,00 €	x		equipos
	Cuarta División	20,00 €	x		equipos
Inscripción de Xogadores (Inclúe Seguro Deportivo)	Maior de 14 anos	15,00 €	x		xogadores
	Menor ou Igual de 14 anos	5,00 €	x		xogadores
	Xogador Independente	50,00 €			

Propónse que ao Campión da División de Honra da tempada, se lle exima do abono da cota do equipo para a seguinte tempada. Se o equipo campión non se inscribe, quedaría deserto. En canto as cotas de licenzas de árbitros e adestradores, quedarían igual. Apróbase por unanimidade.

6. Estudio das competicións 2023. Modificación de regulamentos.

D. Jose M^a Dorado Reboledo expón os resultados da enquisa realizada aos clubs e das modificacións que reflectarían no Regulamento Xeral de Competicións.

Tamén preséntanse diferentes actualizacións/modificacións de algún apartado correspondente ao artigo 62 do Título VIII da Liga Galega por equipos de Club.

Ambas propostas levaríanse á Comisión Delegada e á Asemblea para a súa aprobación/rectificación.

D. Walter López propón que os xogadores alineados nas ordes de forza non exista unha diferenza de máis de 100 puntos de Elo FIDE entre eles, coma nos CECLUB.

D. Óscar B. De Prado (ausente na reunión) enviou un e-mail a D. Jose M^a Dorado expoñendo o seguinte:

"Os equipos da Liga Galega de Xadrez deben incorporar unha orde de forza Xeral. Os xogadores deben subir nesta orde de forza aos equipos de superior categoría.

Se nas 5 primeiras roldas os equipos incorporan xogadores novos á orde de forza xeral ésta debe ser actualizada. Un novo xogador incorporado nun equipo debe aparecer a continuación do último xogador dese equipo na orde de forza xeral pasando o xogador que ocupaba esa posición a baixar unha posición, o mesmo que o resto dos xogadores que estaban a continuación deste."

Ambas propostas levaríanse á Comisión Delegada e á Asemblea para a súa aprobación/rectificación.

D. Francisco J. García Veiras (ausente na reunión) enviou un e-mail á FEGAXA expoñendo o seguinte:

"Aclarar/publicar qué dous equipos de segunda "sálvanse" do descenso para ocupar esas 2 prazas vacantes que existen para o 2024, e así facilitar a ditos clubs poder programar o seu futuro".

Debátese o tema e, como o procedemento que se leva ata agora está funcionando, avisaríanse aos equipos unha vez que comece o prazo de afiliación para a tempada 2024, xa que haberá máis baixas.

D. Ángel Fco. Vilas e D. Walter López expoñen unha modificación da estrutura da Liga Galega para o 2025 xa que o porcentaxe de descensos de División de Honra é muy elevado comparado có resto de categorías:

Categoría	Numero de grupos	Numero de equipos	Ascensos	Descensos	
División de Honra (*)	1	12	0	3	
Preferente (*)	2	20	2 + 1	4	E promocionan os 2 ^o clasificados de ambos grupos (ascende 1 equipo)
Primeira División	4	48	4	12	



Categoría	Numero de grupos	Numero de equipos	Ascensos	Descensos
Segunda División	6	72	12	18

(*) Se a última rolda xogan todo os equipos nun mesmo local de xogo, celebraríase a última rolda de División de Honra; un encontro "honorífico" entre os primeiros clasificados de Preferente para determinar quen é o Campión; e xogaríase a promoción de ascenso a División de Honra entre os segundos clasificados de Preferente.

Se a última rolda xógase en cada local de xogo correspondente, xogaríase dúas roldas entre os primeiros clasificados de Preferente para determinar quen é o Campión e xogaríase dúas roldas de promoción de ascenso a División de Honra entre os segundos clasificados de Preferente. A primeira rolda xogaríase no local de xogo do equipo con menor puntuación.

A proposta levaría á Comisión Delegada e á Asemblea para a súa aprobación/rectificación.

7. Propostas para á ssemblea Xeral ordinaria 2023.

Proponse levar á Asemblea:

1. Aprobación das contas 2022.
2. Os resultados da enquisa realizada aos clubs e das modificacións que reflectarían no Regulamento Xeral de Competicións e as diferentes actualizacións/modificacións de algúns apartados correspondentes ao artigo 62 do Título VIII da Liga Galega por equipos de Club.
3. Que os xogadores alineados nas ordes de forza non exista unha diferenza de máis de 100 puntos de Elo FIDE entre eles, coma nos CECLUB e que "Os equipos da Liga Galega de Xadrez deben incorporar unha orde de forza Xeral. Os xogadores deben subir nesta orde de forza aos equipos de superior categoría. Se nas 5 primeiras roldas os equipos incorporan xogadores novos á orde de forza xeral ésta debe ser actualizada. Un novo xogador incorporado nun equipo debe aparecer a continuación do último xogador dese equipo na orde de forza xeral pasando o xogador que ocupaba esa posición a baixar unha posición, o mesmo que o resto dos xogadores que estaban a continuación deste."
4. Outra proposta sería a modificación da estrutura da Liga Galega para o 2025:

Categoría	Numero de grupos	Numero de equipos	Ascensos	Descensos	
División de Honra (*)	1	12	0	3	
Preferente (*)	2	20	2 + 1	4	E promocionan os 2º clasificados de ambos grupos (ascende 1 equipo)
Primeira División	4	48	4	12	
Segunda División	6	72	12	18	

(*) Se a última rolda xogan todo os equipos nun mesmo local de xogo, celebraríase a última rolda de División de Honra; un encontro "honorífico" entre os primeiros clasificados de Preferente para determinar quen é o Campión; e xogaríase a promoción de ascenso a División de Honra entre os segundos clasificados de Preferente.

Se a última rolda xógase en cada local de xogo correspondente, xogaríase dúas roldas entre os primeiros clasificados de Preferente para determinar quen é o Campión e xogaríase dúas roldas de promoción de ascenso a División de Honra entre os segundos clasificados de Preferente. A primeira rolda xogaríase no local de xogo do equipo con menor puntuación.

5. E a última proposta a levar á Asemblea Xeral sería retomar os premios femininos:

Posto	Premios (por categoría)	
1º xeral	Trofeo Campión	Praza Cto. España
2º xeral	Trofeo Subcampión	Praza Cto. España
3º xeral	Trofeo	Praza Cto. España
4º xeral	Trofeo	
5º xeral	Trofeo	
1ª Clasificada	Trofeo	Praza Cto. España
2ª Clasificada	Trofeo	Praza Cto. España*
3ª Clasificada	Trofeo	



A 2ª clasificada terá os gastos de aloxamento e manutención nos Campionatos de España se acaba como mínimo o 50% dos puntos totais.

8. Outros asuntos e propostas.

Non hai.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 17:58 horas.

Vº e praxe:

Dª Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA

D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA



BALANCE DE SITUACIÓN**FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ**

Período: 01-01-2022 / 31-12-2022; Período N-1: 01-01-2021 / 31-12-2021.- Fecha:31-12-2022

(Importes en euros)

ACTIVO		
<i>DESCRIPCIÓN</i>	<i>Ejercicio 2022</i>	<i>Ejercicio 2021</i>
A) ACTIVO NO CORRIENTE.	2.772,96	5.551,27
II. Inmovilizado material.	2.772,96	5.551,27
21. Inmovilizaciones materiales.	77.353,54	69.818,54
281. Amortización acumulada del inmovilizado material.	- 74.580,58	- 64.267,27
B) ACTIVO CORRIENTE.	47.767,79	34.708,48
II. Deudores por operaciones de actividad entidades deportivas.	17.008,00	2.665,00
1. Afiliados y otras entidades deportivas.	2.478,00	2.665,00
431. Clubes y entidades deportivas por licencias.	2.427,00	2.284,00
433. Federados y entidades deportivas.	51,00	381,00
3. Otros deudores.	14.530,00	14.530,00
44. Deudores varios, entidades públicas.	14.530,00	14.530,00
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.	30.795,79	32.043,48
57. Tesorería.	30.795,79	32.043,48
TOTAL ACTIVO.	50.540,75	40.259,75

PATRIMONIO NETO Y PASIVO		
<i>DESCRIPCIÓN</i>	<i>Ejercicio 2022</i>	<i>Ejercicio 2021</i>
A) PATRIMONIO NETO.	30.912,98	38.708,85
A-1) Fondos propios.	30.912,98	38.708,85
I. Fondo social.	38.708,85	43.043,72
1. Fondo social estatuario.	38.708,85	43.043,72
101. Fondo social Federación Galega de Xadrez.	38.708,85	43.043,72
VII. Resultado del ejercicio.	- 7.795,87	- 4.334,87
129. Resultado del ejercicio.	- 7.795,87	- 4.334,87
C) PASIVO CORRIENTE.	19.627,77	1.550,90
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.	19.627,77	1.550,90
1. Proveedores.	14.697,94	14.697,94
400. Proveedores.	14.697,94	14.697,94
2. Otros acreedores.	4.929,83	1.550,90
41. Acreedores varios.	4.168,13	845,16
438. Anticipos de entidades deportivas.	250,38	213,00
475. Hacienda Pública, acreedora por conceptos fiscales.	250,38	250,38
476. Organismos de la Seguridad Social, acreedores.	511,32	492,74
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO.	50.540,75	40.259,75

Ejercicio 2022

Página 5 de 24



CUENTA DE PERDIDAS Y GANANCIAS

FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Período: 01-01-2022 / 31-12-2022; Período N-1: 01-01-2021 / 31-12-2021.-

Fecha: 31-12-2022

(Importes en euros)

PERDIDAS Y GANANCIAS	Ejercicio 202	Ejercicio 2021
1. Ingresos por actividad ordinaria.	78.482,00	48.303,00
701. Licencias deportistas, árbitros, entrenadores, clubs, equipos.	55.925,00	36.193,00
703. Docencia, cursos, tecnificación.	1.380,00	4.980,00
706. Competiciones, torneos, actividad deportiva.	20.577,00	7.130,00
709. Otros ingresos.	600,00	
5. Otros ingresos de explotación.	59.808,00	63.153,24
740. Subvenciones y donaciones de explotación del ejercicio.	59.808,00	63.153,24
6. Gastos de personal.	- 20.713,49	- 20.124,08
64. Gastos de Personal.	- 20.713,49	- 20.124,08
7. Otros gastos de explotación.	- 115.059,07	- 82.657,88
62. Servicios exteriores.	- 13.548,07	- 14.341,05
631. Otros tributos.		- 5,18
65. Otros gastos de gestión corriente y organización de competiciones.	- 101.511,00	- 68.311,65
8. Amortización del inmovilizado.	- 10.313,31	- 13.009,15
68. Dotaciones para amortizaciones.	- 10.313,31	- 13.009,15
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN.	- 7.795,87	- 4.334,87
B) RESULTADO FINANCIERO.		
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS.	- 7.795,87	- 4.334,87
D) RESULTADO DEL EJERCICIO.	- 7.795,87	- 4.334,87

